

QUE É?

ES-CONECTA é unha aceleradora de economía social dentro do proxecto POCTEP-LACES que busca reducir os riscos e tempos de posta en marcha e consolidación de proxectos empresariais de economía social.

Este programa de alto rendemento de 4 meses de duración, desenvolverá en Vigo baixo a supervisión dun equipo de especialistas accións baseadas na **formación, titorización, coaching, mentoring e apoio no acceso a financiamento externo**.

DURACIÓN 4 MESES LUGAR VIGO

COMO PARTICIPAR?

A participación no programa rexerase polas condicións que se especifican nas bases.

Non hai custos de inscrición. Só se require tempo, dedicación e traballo duro.

Aberto a todo tipo de sectores relacionados coa economía social.

Selección rigorosa por un equipo avaliador competente e experimentado.

INSCRÍBETE

Ata o 23 de xaneiro
<http://bit.ly/esconecta>




O impulso da economía social

Aceleradora de economía social



ES-CONECTA



Síguenos en:



#EmprenderSocialmente



XUNTA
DE GALICIA



XUNTA
DE GALICIA

www.esconecta.com

www.esconecta.com

A QUEN SE DIRIXE?

Emprendedores da Eurorrexión Galicia-Norte de Portugal interesados en crear e impulsar os seus proxectos empresariais de economía social.

Proxectos de economía social promovidos por empresas do territorio transfronteirizo xa creadas e en fase de consolidación que queiran acelerar os seus proxectos ou alcanzar un salto de escala mediante novos produtos, novas liñas de negocio, novos procesos de xestión...

Empresas de Galicia e o norte de Portugal baixo outras fórmulas xurídicas propiedade de entidades de economía social.

Outras empresas de Galicia e o norte de Portugal constituídas baixo outras fórmulas xurídicas que queiran transformarse en empresas de economía social.

CALES SON OS OBXECTIVOS?

	Fomentar o emprendemento a través da mellora dos coñecementos e as experiencias.
	Garantir o éxito do desenvolvemento das actividades.
	Avaliar, medir e formar os emprendedores.
	Identificar sinerxías de proxectos e fomentar o networking.
	Acercar a economía social ás empresas.

QUE VAS CONSEGUIR?

Identificar ideas innovadoras reproducibles noutros sectores e as oportunidades que ofrece a economía social.

Coñecer como transformar a túa empresa a través da economía social.

Reducir o tempo de posta en marcha e consolidación do teu proxecto.

Compartir experiencias, recursos e procedementos relativos á creación e á consolidación de modelos de negocio.

Acceder a fontes de financiamento externo para poñer en marcha ou desenvolver o teu proxecto ou empresa.

Formar parte de redes de cooperación entre proxectos de diversas temáticas e sectores.

